

FIBRANZAS

APRENDER DA TRADICIÓN, OFICIOS E TÉCNICAS



LABORATORIO DAS FIBRAS VEXETAIS PERFECCIONAMENTO

San Cristovo de Mouricios, 2, Chantada 27510 Lugo

de MARZO 2026 a MARZO 2027

UN PROGRAMA DE ARTESANÍA DE GALICIA

Iniciado a finais de 2023, "Aprender da Tradición. Oficios e técnicas" é un programa formativo único en España, unha estratexia pioneira enfocada a garantir a remuda xeracional no sector artesanal galego, como vertebrador do territorio e fixador de poboación especialmente no rural. No marco desta iniciativa, a Fundación Artesanía de Galicia impulsa *Fibranzas. Laboratorio das fibras vexetais*, un curso impartido entre os meses de febreiro e novembro de 2025 centrado no traballo coas fibras vexetais en sentido amplo.

En 2026 terá lugar o segundo ano de formación dirixido ás mesmas 8 persoas participantes no primeiro curso.

REQUISITOS e SELECCIÓN

A formación consta de 216 horas, desenvolvidas en oito talleres entre os meses de marzo de 2026 e marzo de 2027.

A duración de cada un dos talleres varía entre dous e cinco días, en función do tipo de taller, ata un total de 27 días.

Non é necesario realizar un proceso de selección posto que participarán as mesmas oito persoas que se formaron no ano 2025, a non ser que algunha delas non puidera asistir a esta edición, xa que un dos requirimentos fundamentais dos alumnos é poder asistir á formación completa.

INTRODUCCIÓN á FORMACIÓN

A cestería é a arte de trenzar ou tecer as fibras vexetais, que segundo afirman os antropólogos, é mesmo anterior ao tecido ou á cerámica, podendo estes derivar da cestería. É posible pensar que os nosos devanceiros, observando a natureza (os niños dos paxaros, as lianas das árbores entrelazadas...) tomaran estes exemplos naturais e empezaran a retorcer e entretecer as ramas, varas ou pallas, necendo así a cestería.

A variada xeografía e climatoloxía galegas, así coma os tradicionais labores da vida rural e mariñeira dos seus habitantes, practicamente autosuficientes ata hai unhas décadas, propiciaron unha cestería moi rica tanto en

especies vexetais como en técnicas e formas empregadas. Por iso considerábase que o oficio de cesteiro era un dos máis estendidos no territorio galego, atopándose en todas as aldeas varias persoas capaces de elaborar cestos utilizando as fibras vexetais da contorna como palla, varas de vimbio, madeira de castiñeiro, carballo... A tradición oral que se transmitía de pais a fillos, ensinaba cal era a especie vexetal idónea, a época e a lúa propicia para recollela e o procedemento para preparala e despois tecela.

A cestería tradicional galega posúe multitude de utilidades que van dende a fabricación de recipientes para diversos usos que comunmente coñecemos por cestas e cestos de diferentes tamaños e formas, ata outras aplicacións como son a fabricación de pezas de indumentaria (sombriros, corozas), de elementos de arquitectura popular (tellados das pallozas e cabaceiros), de apeiros de labranza (canizos dos carros, loros para os xugos), técnicas de pesca (nasas de río e de mar), así como as sebes ou peches das fincas feitos con varas entretecidas. A esta variedade de obxectos e de utilidades chamáremolo fibranza, para referirnos a un termo máis amplo que a cestería.

A diversa natureza do material vexetal empregado en Galicia ten a súa correspondencia directa coas numerosas técnicas de execución empregadas, ademais da variedade de formas, texturas, cores e deseños. En función dos materiais vexetais empregados distínguense diferentes tipos de cestería: palla, xuncos, láminas de madeira, varas ou mixta de varas e madeira.

En Galicia, igual que ocorre noutras partes, os cesteiros aproveitan a materia prima vexetal que teñen ao seu alcance na súa contorna natural máis próxima. Por iso é frecuente que en zonas de montaña se aproveite de forma maioritaria a madeira de castiñeiro, de carballo e de abeleira predominando os cestos de láminas de madeira aberta, mentres que nas comarcas próximas á costa prevalecen cestos de varas, tecidos con ramas delgadas de especies arbustivas coma os salgueiros, codesos, xestas... A cestería mixta que combina madeira e varas localízase nunha área máis ampla que percorre as comarcas centrais do territorio galego, quedando a cestería que utiliza outras fibras como palla, xuncos, etc... relegada a pequenas zonas do país.

Actualmente a recolección e obtención de fibras vexetais non é un condicionante para a realización da fibranza, xa que existe unha maior facilidade para aprovisionar e mercar material vexetal como vimbio, esparto, palmito, etc.

A cestería é unha expresión da nosa cultura, que nos fala de traballos na terra e no mar, de costumes e crenzas así como da relación do home coa súa contorna natural. Por iso convén preservar estas pezas de arte, realizadas por anónimos cesteiros, que son peculiares espellos da nosa paisaxe cultural e etnográfica. Por desgraza, na actualidade a cestería galega atópase en serio retroceso. Debido ao abandono das formas de vida tradicionais nas actividades agropecuarias, á invasión da industria do plástico, así como á desmesurada e barata produción de baixa calidade dos países asiáticos, propiciase unha progresiva desaparición desta actividade artesanal.

Por iso todo tipo de actividades como cursos, conferencias, encontros, demostracións ao vivo, exposicións, etc., enfocadas á recuperación da cestería e da fibranza son precisas para que este oficio non caia no esquecemento.

CALENDARIO 2026

MÓDULO I OBTENCIÓN DE FIBRAS VEXETAIS CESTEABLES

V-S-D 27-28-29 marzo 24 horas	TÉCNICAS DE PODA, RECOLECCIÓN E PREPARADO DE FIBRAS VEXETAIS	Enrique Táboas (F) Pau Trepát (F) Idoia Cuesta (D)
-------------------------------------	---	--

MÓDULO II TÉCNICAS COMPLEMENTARIAS E ESTRUTURAS

L-M-X 27-28-29 abril 24 horas	ESTRUTURAS TECIDAS DE VIMBIO, PANEIS...	Pau Trepát (F) Idoia Cuesta (F)
Xo-V-S-D 4-5-6-7 xuño 32 horas	ENCORDADO DE CADEIRAS CON ENEA E OUTRAS FIBRAS VEXETAIS	Tomeu Perelló (F) Idoia Cuesta (D)

MÓDULO III DESEÑO E PRODUCCIÓN DE OBXECTOS

L-M-X-Xo 31-1-2-3 set. 32 horas	DESEÑO DE PRODUTO: Obxectos, mobiliario...	Andreu Carulla (F) Idoia Cuesta (D)
L-M-X 19-20-21 outubro 24 horas	TÉCNICA PERIGORDENSE “BOUYRICOU”	Karen Gossart (F) Corentin Laval (F) Idoia Cuesta (D)
S-D-L 21-22-23 nov. 24 horas	TÉCNICA HEXAGONAL E DESEÑO CREATIVO CON LÁMINAS DE CASTIÑEIRO	Idoia Cuesta (F) Enrique Táboas (F)

MÓDULO IV TÉCNICAS TRADICIONAIS AVANZADAS

V-S-D
29-30-31 xaneiro
24 horas

TÉCNICA DE TECIDO
DAS COROZAS GALEGAS

Álvaro M. Leiro (F)
Idoia Cuesta (D)

MÓDULO V PROXECTOS E TÉCNICAS INSPIRADORES

X-Xo-V-S
17-18-19-20 marzo
32 horas

PROXECTO PAISAXÍSTICO CON FIBRAS
VEXETAIS: PONT DE QUERÓS

Joan Farré (F)
Idoia Cuesta (D)

TOTAL
27 DÍAS
216H

*Forma (F) Colabora (C) Dirixe (D)

PROGRAMA



MÓDULO 1: OBTENCIÓN DE FIBRAS VEXETAIS CESTEABLES

MARZO 2026

1.1. TÉCNICAS DE RECOLECCIÓN E PREPARADO DE FIBRAS VEXETAIS

A recollida e o preparado das láminas de castiñeiro. Selección de pólas, corte, fendido e preparación das ramas de castiñeiro, pelado da casca e preparación das láminas. Manexo do banco de cesteiro e afiado das ferramentas.

Tallado e selección por grosor das varas de vimbio. Materiais que se empregarán ao longo do curso.

Formación: Enrique Táboas e Pau Trepát

Data: 27, 28 e 29 de marzo

Nº horas: 24 horas

MÓDULO 2: TÉCNICAS COMPLEMENTARIAS E ESTRUTURAS

ABRIL-XUÑO 2026

2.1. ESTRUTURAS TECIDAS DE VIMBIO, PANEIS...

Técnicas diferentes de tecido de varas de vimbio para a aplicación en proxectos de interiorismo como paneis, biombos, tabiques ou separadores de espazos. Creación de panelación e mostras. Propostas de deseño segundo o tipo de tecido en trama e urdido con variacións de cor segundo as características do vimbio.

Formación: Pau Trepát e Idoia Cuesta

Data: 27, 28 e 29 de abril

Nº horas: 24 horas

2.2. ENCORDADO DE CADEIRAS CON ENEA E OUTRAS FIBRAS VEXETAIS

Aprendizaxe de manexo, transformación e preparación da fibra vexetal de enea, para elaborar un cordón continuo e traballar a técnica de encordado sobre un asento das medidas e forma específica da cadeira. Como existen diferentes soportes de cadeiras tamén se explicará como varían as técnicas de encordado en función de cada forma concreta.

Formación: Tomeu Perelló

Data: 4, 5, 6 e 7 de xuño

Nº horas: 32 horas



MÓDULO 3: DESEÑO E PRODUCCIÓN DE OBXECTOS

SETEMBRO - NOVEMBRO 2026

3.1. DESEÑO DE PRODUTO: Obxectos, mobiliario...

Creación e prototipado dunha colección de pezas en base ás técnicas aprendidas durante o ano, a partir das fibras vexetais locais (liño, vimbio e castiñeiro). Estudo das fases do proceso creativo para a realización dunha colección, a partir dos tres pilares nos que se basea Andreu Carulla: a investigación dos materiais, da sustentabilidade e do valor da artesanía.

Formación: Andreu Carulla

Data: 31 de agosto, 1, 2 e 3 de setembro

Nº horas: 32 horas

3.2. TÉCNICA PERIGORDENSE “BOUYRICOU”: (Aberto)

Existe unha técnica tradicional na rexión francesa del Périgord realizada con varas de vimbio e tecido en espiral coñecido a través da cesta chamada “Bouyricou”. Trátase dunha técnica de trenzado ancestral en espiral que podemos atopar noutros países con materiais diversos. Esta técnica esixe un previo manexo e experiencia no traballo con vimbio e será impartido por Corentin Laval.

A cesteira Karen Gossart, impartirá á súa vez outra técnica de tecido de cestería con vimbio propoñendo novas formas e remates para realizar o “Panier Galicien”.

Cada docente terá 6 alumnos.

Formación: Karen Gossart e Corentin Laval. Proxecto L’Oseraie de l’Île, en Francia

Data: 19, 20 e 21 de outubro. (módulo aberto a un total de 12 persoas)

Nº horas: 24 horas

3.3. TÉCNICA HEXAGONAL E DISEÑO CREATIVO CON LÁMINAS DE CASTIÑEIRO

Este taller combina o oficio e a creatividade. Como a partir dunha técnica tradicional, combinada con outras técnicas xa aprendidas, con remates e acabados diferentes, creamos obxectos e deseños novos. Experimentación coa técnica de tecido hexagonal, técnica plaiting e técnica de tecido intuitivo.

Formación: Idoia Cuesta e colabora Enrique Táboas

Data: 21, 22 e 23 de novembro

Nº horas: 24 horas



MÓDULO 4: TÉCNICAS TRADICIONAIS AVANZADAS

XANEIRO 2027

4.1. TÉCNICA DE TECIDO DAS COROZAS GALEGAS

O tecido das corozas galegas é unha artesanía tradicional para protexerse da chuva, feita principalmente de xuncos ou colmo, que se tecen en capas sobre unha estrutura de varas, formando unha prenda con capucha e a miúdo polainas, semellante a un impermeable cónico que deixa esvarar a auga. Neste taller aprenderemos esta técnica ancestral das mans dun dos seus artesáns e recuperadores desta tradición.

Formación: Álvaro M. Leiro

Data: 29, 30 e 31 de xaneiro 2027

Nº horas: 24h

MÓDULO 5: PROXECTOS E TÉCNICAS INSPIRADORES

MARZO 2027

3.1. PROXECTO PAISAXÍSTICO CON FIBRAS VEXETAIS: PONT DE QUERÓS (Aberto)

Este taller impartirase para os dous grupos ao mesmo tempo e ademais estará aberto a que outras persoas poidan acceder a el.

Neste obradoiro abordarase o proceso da execución de estruturas de gran tamaño, realizadas con vimbio vivo de diferentes especies. Despois da teoría e da análise das necesidades para realizar os proxectos de plantación de estruturas de vimbio vivo, procederase ao deseño do mesmo, seguindo as diversas fases necesarias: preparación do terreo, sistemas de rego, posibles soportes metálicos, selección das varas e técnicas de atados de vimbio.

Neste taller inclúese ademais un apartado teórico de requisitos de execución, deseño de obra e preparación de orzamentos.

Formación: Joan Farré, fundador da empresa Pont de Querós

Data: 17, 18, 19 e 20 de marzo 2027 (módulo aberto)

Nº horas: 32 horas



BIOS DOS FORMADORES:



IDOIA CUESTA

Artista, creadora téxtil e deseñadora contemporánea, Idoya está profundamente inspirada polos oficios tradicionais e pola súa conexión inquebrantable coa natureza. Dende os seus inicios, sentiu unha fascinación polos materiais orgánicos e pola súa capacidade para transmitir historias a través de formas simples e texturas únicas. Aprendeu as técnicas tradicionais de cestería, tecido e outros oficios manuais da súa rexión, adaptando co tempo estas prácticas a unha linguaxe artística contemporánea, creando pezas únicas que oscilan entre o deseño funcional e a expresión artística.

Traballa principalmente con fibras naturais, o que lle permite manter un diálogo constante coa terra, transformando elementos orgánicos en pezas que reflicten o ciclo da vida. Na súa obra, busca reinterpretar a tradición, dándolle un lugar relevante no mundo moderno. Desenvolveu proxectos que abranguen ámbitos coma o deseño de interiores, a arquitectura, a moda e o paisaxismo, entre outros. Destaca o seu labor docente en varias institucións e a súa participación en feiras e exposicións internacionais. A súa nova visión da cestería tradicional a través do deseño contemporáneo foille recoñecida a través de diferentes premios. Son numerosas as súas colaboracións con marcas como Loewe e deseñadores de diferentes ámbitos. O seu traballo demostra como os oficios poden ser reimaxinados en contextos actuais e como a creación téxtil pode transcender a súa función utilitaria para se converter nunha expresión artística.



ENRIQUE TÁBOAS

O seu tataravó xa era cesteiro de Mondariz. É a quinta xeración desta familia. Aprendeu o tecido da cestería con seu avó, a quen axudou co trenzado de cestos dende os 13 anos. Os cesteiros de Mondariz, son sen dúbida, un grupo que presenta trazos gremiais que indican alto grao de identificación coa actividade e co seu arraigo, chegando a desenvolver unha linguaxe propia con palabras específicas do seu oficio.

Enrique Táboas é agora un dos poucos cesteiros profesionais que quedan en Galicia, que domina o proceso de selección dos troncos das diferentes especies arbóreas, así como a preparación e a técnica do tecido con láminas de madeira. Esta técnica é unha das máis duras, xa que require de certa forza física á hora de preparar e abrir a madeira e sobre todo por todo o proceso previo que implica preparar os troncos ou as ramas de madeira en láminas finas capaces de ser tecidas. Actualmente Enrique Táboas, dende o seu taller localizado en Sanxenxo (Pontevedra) elabora pezas por encarga, e dedícase á formación ofrecendo diversos cursos. Tamén participa en demostracións e exposicións, acudindo a feiras nacionais e internacionais.





PAU TREPAS HERRANZ

"A cestería é o oficio da miña familia. Son a cuarta xeración de cesteiros, empezando por meu bisavó, hai pouco máis dun século.

Empecei a facer cestos de xeito profesional aos 18 anos, con meu pai e meu avó, quen me ensinaron todos os segredos deste traballo. Amar e vivir dun oficio que te acaba atrapando.

Especializado na cestería catalá, con vimbio e cana, tamén realizo todo tipo de cestos por encarga.

O meu principal traballo son os mercados de artesanía onde fago demostración do oficio e os cursos de cestería."





ÁLVARO M. LEIRO

Como investigador e creador en cestería, Álvaro rescata e revitaliza a artesanía tradicional, explorando a cestería en espiral con xuncos, silva, palla e fibras naturais.

O seu labor esténdese á recuperación das xa catorce corozas documentadas e replicadas. Álvaro renova unha técnica esquecida, preservando a nosa herdanza cultural a través das súas creacións.

As súas mans hábiles entrelazan o pasado e o presente, abrazando a calidade sobre a cantidade e redefinindo a artesanía galega.

A súa dedicación á cestería ancestral entrelázase co seu desexo de reinventar e de lle dar nova vida ás técnicas centenarias. Dende a recuperación da coroa galega ata a súa colaboración con marcas de renome como Loewe, Álvaro transcende as barreiras do tempo e da cultura, creando obras que capturan a esencia do pasado e a visión do presente.





JOAN FARRÉ / PONT DE QUERÓS

Joan Farré i Oliver é un mestre cesteiro catalán autodidacta. No 2007 recibiu o diploma de mestre artesán.

Especialízase no uso do vimbio e é coñecido polo xeito de renovar o oficio tradicional en aplicacións artísticas contemporáneas. Ademais do vimbio seco tamén innova polo uso do vimbio vivo no deseño de parques e xardíns. En 1984 comezou un proceso de revalorización dos materiais e formas de cestería adaptándoos para outros usos.

Joan Farré é fundador da empresa Pont de Querós, especializada na inclusión de fibras vexetais (vimbio/salgueiro, ratán, medula, castiñeiro, etc) en diferentes facetas da vida. Traballa en adaptar e modernizar as fibras ás necesidades de hoxe, para que continúen a ser uns materiais contemporáneos que nos permitan deseñar solucións naturais, sustentables, verdes e funcionais para proxectos de urbanismo, arquitectura, paisaxismo e interiorismo.



ANDREU CARULLA

En 2016 Carulla funda o seu segundo estudio ACID, que se centra en proxectos máis tecnolóxicos, para lograr “o deseño industrial do futuro”.

Na actualidade Andreu Carulla é un dos grandes nomes do deseño industrial en España, grazas á súa visión transversal do deseño, baseada en catro piares: unha visión empoderada da artesanía; sustentabilidade aplicada a cada parte do desenvolvemento conceptual e de produción; solucións innovadoras para a industria; e un deseño consciente do valor do patrimonio cultural e o legado histórico do noso país.

O seu talento transformador proxéctase en deseño de produtos que van dende o mobiliario ao enxoval, a iluminación ou a xoiería ata o último gadget tecnolóxico; tamén proxectos integrais de interiorismo inspiradores e afastados de tendencias; ou a dirección artística e creativa de grandes marcas.





KAREN GOSSART Y CORENTIN LAVAL

Tras estudar Belas Artes, Karen Gossart atopou na cestería de vimbio, as técnicas e o material que se axustaban ao seu desexo de crear obxectos útiles e orixinais. A súa formación en 2006 na Escola Nacional de Cultivo e Cestería do Vimbio en Fayl-Billot, Haute-Marne, permitiulle aprender este oficio e desenvolver un novo enfoque estilístico. Corentin Laval comezou a súa carreira cun “avó” do Périgord desexoso de transmitir a súa técnica, o “bouyricou”. Posteriormente, desenvolveu esta práctica, orientándoa cara a creacións máis contemporáneas e orixinais. Fusiona a súa imaxinación coa da natureza. Pólas, madeira flotante e seixos proporciónanlle os materiais para esta interacción.

Dende 2012 cultivan a súa materia prima, unha vintena de variedades de salgueiro con diferentes características (cores, resistencia, flexibilidade) para poder variar e controlar o proceso de creación de principio a fin.





TOMEU PERELLÓ

Tomeu Perelló (Mallorca) é o home que hai detrás de cada volta de cordel. É a man que entrelaza a enea para recrear unha obra mestra, unha cadeira, un asento, unha banquetta.

Obxectos mundanos para o descanso, que nas mans do artesán se converten en pezas vivas. Tomeu Perelló é o pasado, o presente e o futuro do nobre oficio do cadeirado, onde a madeira vella, o esparto ou a curtida enea convértense en material nobre que lle dá sentido a esta ancestral forma de vivir a artesanía.



COLABORACIÓN

PLANTACIÓN RUBÉN BERTO COVELO

Investigador e divulgador da artesanía galega, parte da filosofía de vida de Rubén Berto Covelo era achegarlle aos máis pequenos os oficios tradicionais e a cultura popular, así como rescatar do esquecemento a aqueles artesáns que aínda coñecían, por exemplo, a arte do denominado “follaco de millo”, que consiste en retirar as follas das mazarocas de millo para posteriormente elaborar bonitos cestos. Ao entretecido das fibras para confeccionar canastros, sombreiros e todo tipo de elementos decorativos foi precisamente ao que se dedicaron profesionalmente as súas mans, deixando dende Vigo un importante legado no ámbito da cestería tradicional. Este programa quere honrar o percorrido de Rubén e do seu legado como mestre cesteiro. A través do traballo de anos de cultivo, desenvolveu unha plantación de vimbios e, a petición da súa familia, este ano a formación contará con parte do seu material. A doazón desta poda plasmará a herdanza e inspiración de Rubén na creatividade de todos os participantes.

PLANTACIÓN A CASA DAS INSUAS: ASOCIACIÓN GALEGA DE CUSTODIA DO TERRITORIO

É un centro de recursos xestionado por e para entidades e persoas preocupadas polo coñecemento e pola conservación do medio natural, a agroecoloxía, a soberanía alimentaria, a artesanía tradicional e todas aquelas actividades baseadas no uso respectuoso e sustentable da nosa natureza. Este proxecto que leva 20 anos en activo, subministrará as especies de vimbio da súa plantación, para así poder obter os escallos necesarios da nova plantación a realizar en terreos dos Casares.

ALICIA COMENGE SEGARD

Coordinación e documentación do proxecto

Estudou Arqueoloxía e traballou na universidade escavando e documentando en laboratorio. Conseguiu marchar ao campo e aí fundou e xestionou varios proxectos sociais e culturais. As dificultades nas relacións dos proxectos e empresas nos que participou levárona a especializarse na facilitación e na xestión de conflitos. Imparte dende hai anos formación no ámbito da facilitación como membro do Instituto Internacional de Facilitación e Cambio e acompaña como consultora a equipos que precisan asesoramento, combinando diferentes metodoloxías como Traballo de Procesos ou Coaching sistémico organizacional. En paralelo, dende o 2023 documenta o proxecto de investigación de fibras vexetais, un impulso colaborativo entre o Espacio Vilaseco e OsCasares.

Dende 2025 participa na formación *Laboratorio das fibras vexetais*, como parte deste proxecto máis amplo de investigación; para continuar co traballo de documentación, achegando material escrito dos pasos que se vaian dando.

AS ORIXES DESTA FORMACIÓN

DESEÑO, DIRECCIÓN E SUPERVISIÓN: Idoia Cuesta

Esta formación é un dos proxectos cos que levo anos soñando. Unha formación que enfoca a creación con fibras vexetais na súa máxima amplitude máis alá da cestería e da artesanía. As fibras requiren diversas actividades que atinxen varias etapas e áreas, dende a produción do material, co cultivo, o coidado, a colleita e a súa conservación, pasando pola minuciosa preparación do mesmo, ata a creación de pezas finais que poden ser tanto artesanais como artísticas. Para referirme a este campo das fibras máis alá da cestería, empreguei a palabra fibranza. Este proxecto abrangue a formación en cada un dos procesos que se precisan manexar ata chegar á fibranza. E faino da man de mestres cesteiros tradicionais, artistas contemporáneos e profesionais do deseño.

FUNDACIÓN PÚBLICA ARTESANÍA DE GALICIA. O relevo nos oficios tradicionais

Dende o ano 2023, a Fundación Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia ten en marcha unha iniciativa pioneira de impulso á remuda xeracional nos oficios artesanais e nas técnicas máis tradicionais co obxectivo dobre de mellorar a profesionalización do sector e de atraer novos talentos ao sector. No marco deste programa denominado *Aprender da tradición. Oficios e técnicas* estanse a realizar formacións en oficios como a xastrería, a forxa, a sombreirería, a olería tradicional, a ourivería, o tecido artesanal ou a marroquinería. No ano 2025 este programa enfocouse cara á transmisión dos oficios vinculados á cestería e ás fibras vexetais en sentido amplo e creouse o programa *Fibranzas. Laboratorio de fibras vexetais*, que se prolongou entre os meses de febreiro e novembro co obxectivo de abordar o proceso completo: dende a obtención das fibras ata o deseño de produto e a produción artística, pasando tamén polas técnicas de cestería tradicional.

OS CASARES E VILASECO: Máis que espazos

Este proxecto é a consecuencia dunha estreita colaboración entre OsCasares e o Espacio Vilaseco. Dende 2022 estes dous proxectos xúntanse no mesmo espazo, San Cristovo de Mouricios (Chantada, Lugo). Comeza unha cooperación no ámbito da investigación e o desenvolvemento de proxectos comunitarios de carácter ecosocial, baseados na produción sustentable de fibras naturais. Un destes soños comeza man á man con Idoia, coa creación, co deseño e coa posta en marcha da produción de vimbio en San Cristovo de Mouricios. Esta plantación lévase a cabo coa aplicación de técnicas agroecolóxicas como a permacultura entre outras, ou a agricultura rexenerativa. Estes métodos pretenden revitalizar o solo, a biodiversidade e as comunidades rurais a través de prácticas naturais tradicionais que conducen a unha menor dependencia dos recursos externos. Esta formación supón darlle continuidade a esta iniciativa.

A FILOSOFÍA: Fibranza e tradición. Un ciclo de vida

A relación entre a fibranza e o cultivo é, en moitos sentidos, un reflexo da relación ancestral entre o ser humano e a natureza. O obxecto creado non se fai só de mans humanas, senón que é unha extensión da vida da planta mesma. Estas plantas non son meros materiais, requiren tempo, paciencia e coidado para seren cultivadas. É por isto que a actividade agrícola se converte nunha práctica filosófica que nos convida a entender a temporalidade, o crecemento e a transformación. O agricultor, o cesteiro ou o artista son membros dun ecosistema no que a terra, o clima ou as estacións, se converten en interlocutores que guían o proceso. Do mesmo xeito que as fibras deben ser colleitadas no momento xusto para garantir a súa flexibilidade, tamén o ser humano debe aprender a escoitar e a esperar, respectando o ritmo do ciclo natural. Esta formación quérelle dar forma á vida que xa está presente na natureza, e devolverlle esa vida ao mundo a través das mans, honrando o antigo, a tradición, e abrazando o novo, a arte e o deseño. O acto de tecer as fibras entre si non é só un proceso técnico; é un acto simbólico de unión, de entrelazar historias, tempos e seres. Cada nó, cada cruce de fíos, reflicte unha interacción, unha relación cos materiais, coa comunidade, coa tradición, coa expresión artística e coa memoria colectiva.



ORGANIZA

Fundación Artesanía de Galicia. Xunta de Galicia

COLABORAN

Espacio Vilaseco

Os Casares

SOLICITUDES E INFORMACIÓN

881 999 174

881 999 171

artesianiadegalicia.xunta.gal/gl/formacions



PORTADA

Neuchatel Herbarium

Copyright holder CC-BY-SA 4.0